



Recomendación dirixida ao Concello de Tui para que polo concello se poña fin ao expediente incoado como consecuencia das denuncias presentadas por dona [REDACTED] *mediante unha resolución expresa, motivada, notificada e co ofrecemento dos oportunos recursos*

Expediente: B.9.Q/12232/18

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2018

Sr. alcalde:

Agradézolle a información que nos remitiu en relación ao expediente arriba indicado.

Observamos da documentación remitida no expediente non se finalizou pois non existe constancia nesta institución de que se le puxera fin mediante unha resolución expresa e motivada, con notificación aos interesados e o ofrecemento dos oportunos recursos.

Por esta razón , e tendo en conta que a primeira denuncia sobre estas obras púxose no concello no ano 2007 transcorrendo un prazo que desborda o regularíamente tolerable.

Considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte recomendación:

Que polo Concello de Tui se poña fin ao expediente incoado como consecuencia das denuncias presentadas por dona [REDACTED] pola *"construción dunha parte metálica de peche apoiada nunhas pilastras de peches de construción e pavimentación dun tramo no lugar de [REDACTED] mediante unha resolución expresa, motivada, notificada e co ofrecemento dos oportunos recursos"*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da

aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo